



Concello de RAMIRAS

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604

E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 - Ramirás - Ourense

BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE UN TRABALLADOR CHOFER DE TRACTOR CON ROZADORA DO CONCELLO DE RAMIRÁS E CREACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO PARA O ANO 2019

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación por este concello de un traballador como chofer de tractor con rozadora e outra maquinaria similar.

A natureza do contrato será laboral temporal ao abeiro da lexislación vixente, iniciándose a prestación desde a data da sinatura do contrato ou a alta de dito contrato e ata o 31/12/2019. Os primeiros quince días serán o período de proba. A Bolsa de traballo terá a mesma duración.

SEGUNDA.- Réxime xurídico da convocatoria

A relación rexerá pola lexislación laboral sendo de aplicación principalmente o RD 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ó persoal ó servizo das Administracións Públicas e especialmente ás locais.

TERCEIRA.- Horario laboral e retribucións

De luns a venres, a xornada completa, conforme á planificación dos traballos que para o efecto sinala a Alcaldía.

O salario é de 1.250,00 € mensuais, incluídos todos os conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extras.

CUARTA.- Funcións

- . Conducir o tractor con rozadora e outra maquinaria similar.
- . Realizar os traballos de roza e outros relacionados con tarefas de prevención de incendios.
- . Realizar os traballos de mantemento da infraestrutura viaria municipal.
- . Realizar os traballos de asistencia e apoio ó servizo de recollida de lixo.
- . Manter a maquinaria en perfecto estado de conservación.
- . Realizar as reparacións que non necesiten ir ao taller.
- . Todas aquelas do servizo e que a Alcaldía lle asigne.

A persoa que preste este servizo deberá ter medio de transporte persoal, para realizar as tarefas propias do cargo.

QUINTA.- Participación e presentación de solicitudes

Para tomar parte na convocatoria, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Nacionalidade:
 - Ter nacionalidade española

- Ser nacional de algún dos estados membros da Unión Europea
- Ser nacional de algún Estado no que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Poderán participar, tamén, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes de españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e dos seus cónxuxes sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- Ter residencia legal en España, en caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos apartados anteriores.
- Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.
- Idade: Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima da xubilación forzosa.
- Incompatibilidade: Non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- Habilitación: Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. En caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que lle impida, no seu estado, e nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Titulacións. Estar en posesión das seguintes titulacións:
 - Non se esixe requisito de titulación, por estar asimilado o posto de traballo ao que se refire o presente concurso a unha agrupación profesional, sen requisito de titulación
 - Permiso de conducir clase B.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá aportarse o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.

- Galego: Acredita-lo coñecemento da lingua galega de acordo co establecido na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia. A acreditación do coñecemento escrito farase por medio da presentación, como mínimo, do certificado do Celga 2. No caso de non posuír ningunha titulación que acredite o coñecemento do galego, realizarase un exercicio previo de tradución que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, no tempo que sinale o tribunal e que será como máximo dunha hora. Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario par supéralo obte-lo resultado de apto, e corresponderalle ó tribunal determina-lo nivel de coñecementos esixidos para acadar dito resultado. A anterior proba poderá substituírse pola realización da entrevista en galego, co resultado da entrevista o tribunal calificará como apto ou non apto a proba de galego ademais de puntuar a entrevista.

Todos os requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante o día que remate o prazo de presentación de solicitudes.

SEXTA.- Documentación a presentar e prazo.

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes, interesados no posto de traballo, deberán cubrir a solicitude que se lles facilitará nas oficinas do Concello de Ramirás.

Dita solicitude dirixirase ó Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello onde queren prestar servizo ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, durante o

prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas. A documentación a incluír será a mesma que si se presentase a solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral, é necesario que os/as interesados/as, dentro do prazo de presentación, remitan por fax ós concellos, avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Xunto coa instancia (ANEXO I), deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte en vigor.
Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún estado ó cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. E así mesmo, os familiares dos anteriores deberán presentar ademais fotocopia cotexada dun documento que acredite esta condición.
Os aspirantes estranxeiros distintos dos anteriores deberán presentar ademais da fotocopia cotexada do pasaporte, a tarxeta de identidade de estranxeiro que habilita para residir en España e traballar nas prazas ofertadas.
- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público. (ANEXO II)
- Fotocopia compulsada da titulación requirida para o acceso ós postos. No seu defecto, e de se-lo caso, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo; no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.
- Fotocopia compulsada do permiso de circulación esixido, vixente, e que teña validez para poder ser utilizado en territorio nacional español.
- Declaración de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións a levar a cabo respecto da praza á que se pretende optar (ANEXO II).
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa orixinal ou debidamente compulsada de cada un deles.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

SETIMA.- Proceso de selección

O procedemento de selección será o concurso e farase en función do seguinte baremo de méritos:

7.1. Méritos académicos. Máximo 2 puntos

Por cada curso de formación ou perfeccionamento impartido polas administracións públicas, universidades, INEM, formación ocupacional e outros centros oficiais, relacionados coas

función propias do posto de traballo, ata un máximo de 2 puntos, baremados do xeito seguinte:

- Curso de ata 20 horas: 0,20 puntos.
- Curso de ata 60 horas: 0,50 puntos.
- Curso de ata 100 horas: 0,75 puntos.
- Curso de mais de 100 horas: 1,00 puntos

Non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas, se non se xustifica a preceptiva homologación.

De non estaren as horas sinaladas nos certificados, computaranse o mínimo de puntuación, coma cursos de ata 20 horas.

Os méritos que aleguen os interesados e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teña en conta, se acreditarán debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que o tribunal considere que non están suficientemente acreditados.

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

7.2. Coñecemento da lingua. Máximo 0,40 puntos

Cursos de galego (Tan só se valora o de rango superior):

Celga 3: 0,20 puntos.

Celga 4 ou superiores: 0,40 puntos

7.3. Experiencia profesional. Máximo 4,00 puntos

Á experiencia profesional pola realización de traballos similares á praza que se convoca valorarase segundo o seguinte baremo:

Por cada mes de traballo na Administración local, en traballos idénticos ou similares á praza a que se opta: 0,20 puntos/mes.

Acreditarase mediante contratos e informe de vida laboral.

Por cada mes de traballo noutras administracións, en traballos idénticos ou similares á praza a que se opta: 0,10 puntos/mes. Acreditarase mediante contratos e informe de vida laboral.

Por cada mes de servizos prestados en traballos idénticos ou similares na empresa privada, nos últimos 5 anos: 0,05/ puntos/mes. Acreditarase mediante contratos e informe de vida laboral.

No se terán en conta as fraccións de mes.

7.4. Entrevista: Máximo 2,00 puntos

Realizarase unha entrevista de carácter profesional para a avaliación de coñecementos e valoración da idoneidade para o posto de traballo. Valorarase o coñecemento do termo municipal.

7.5. Proba práctica: Máximo 4,00 puntos

Realizarase unha proba práctica sobre o terreo, na que se avaliará a pericia no manexo do tractor rozadora.

OITAVA.- Tribunais de selección

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado por un presidente, dous vogais e un secretario e os seus respectivos suplentes, sendo nomeados polo Alcalde do Concello e publicados no taboleiro de anuncios de cada Concello:

Todos os membros do tribunal, deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto.

Segundo o recollido no art. 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

NOVENA.- Procedemento de selección

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución da Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as ó procedemento, que se fixará no taboleiro de anuncios de cada concello, concedéndose un prazo de **tres días hábiles** contados dende o mesmo día ó da publicación da lista, para reclamacións corrección de erros ou subsanacións que soamente poderán ser formuladas polas persoas excluídas. Así mesmo, tamén aparecerá nesa resolución a composición do tribunal cualificador.

No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación de novo da lista definitiva. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

Por Resolución de Alcaldía determinarase o lugar, data e hora de realización da entrevista e proba práctica, que será publicada no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na páxina web.

Os aspirantes serán así convocados para a realización da entrevista en chamamento único, sendo excluídos da selección os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas. Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou pasaporte.

O tribunal procederá a realización entrevista, e en segundo lugar procederase á valoración dos méritos alegados polos/as candidatos/as, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a través de publicacións no Taboleiro de anuncios do Concello.

A información de carácter persoal contida nas mesmas será posíbel baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, dan a súa autorización para que se empreguen os seus datos persoais.

Para o **caso de empate** na puntuación final, darase preferencia á puntuación obtida dentro da experiencia profesional; de persisti-lo empate, a persoa que leve máis tempo empadroada no concello.

O Tribunal, en ningún caso, poderá propoñer un número superior de aspirantes a contratar que o de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

DÉCIMA.- Proposta e nomeamento.

Valorados todos os méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o tribunal formulará a proposta de nomeamento a favor do candidato que obtivese a maior puntuación. O Tribunal formulará a composición da Bolsa de traballo. Realizarase a publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

UNDÉCIMA.- Bolsa de emprego

11.1. Procedemento de chamamento.

O chamamento das persoas integrantes da bolsa de traballo, realizarase por estrita orde de clasificación definitiva.

As persoas candidatas relacionadas na Bolsa manteranse sempre no mesmo posto e coa mesma puntuación, agás o establecido no apartado 11.2. e 11.3 das presente Bases.

O chamamento realizarase vía telefónica. A comunicación efectuarase segundo as seguintes fórmulas:

1º. Chamada telefónica entre as 9:00 e as 14:00 horas

2º. Chamada telefónica entre a 9:00 e as 14:00 horas do seguinte día hábil.

A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que as persoas aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación no proceso o número de teléfono; no caso de consignar mais dun número de teléfono deberá especificar un orden de preferencia.

A aceptación da oferta, efectuarase por vía telefónica, antes das 12 horas do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento. Transcorrido o dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada.

En caso de urxente necesidade, as dúas chamadas telefónicas realizaranse no mesmo día entre as 9:00 e as 14:00 horas, sendo obrigatorio que a aceptación da oferta se realice no mesmo momento no que se produce o chamamento. En calquera caso, de non ser posible a comunicación ou non contestar á mesma no prazo indicado, pasarase ao seguinte aspirante.

No expediente administrativo correspondente deberá constar dilixencia da persoa que realiza os chamamentos, na que se reflicta a data, hora/s das chamadas telefónicas, así como a resposta que se recibiu.

Para a correcta localización dos candidatos, os integrantes da bolsa están obrigados a comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado. Pola contra quedarán ilocalizados o que daría lugar a exclusión da bolsa.

Obtida a conformidade do interesado a quen corresponda o posto, procederase a súa contratación laboral deixando constancia no expediente dos cambios que como consecuencia do chamamento se produzan na correspondente lista.

As persoas integrantes da bolsa que fosen contratadas para a cobertura de posibles interinidades, volverán ocupar a posición que lles correspondese nela unha vez finalizada a súa contratación, sendo chamados para posteriores contratacións, por orde de puntuación.

No caso de que algún integrante da bolsa se atopase desenvolvendo un contrato de interinidade para a cobertura dun traballador desta bolsa, poderá ser informado das posibles melloras de contrato que xurdan nese período e elixir a que estimen oportuna.

11.2. Renuncia e suspensión de chamamentos.

No caso de que o interesado renunciase ao contrato ou chamamento ou non atendese ao chamamento, pasará ao último posto da lista, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas nos que se producirá a suspensión dos posteriores chamamentos mantendo o seu posto na lista e que son:

- Estar traballando no momento de ser chamado, debendo achegar copia do contrato de traballo.
- Estar en situación de incapacidade temporal derivada dunha enfermidade, accidente de traballo ou baixa maternal, con comunicación da baixa debendo achegar documentación acreditativa da situación.
- Calquera outra causa, de entidade suficiente, que se considere oportuna a criterio da Alcaldía.

Nestes casos será necesario achegar o correspondente xustificante nun prazo non superior a 5 días hábiles desde que se produce o chamamento telefónico. A non remisión do documento que acredite a xustificación de devanditas causas, suporá a cualificación de rexeitamento inxustificable e pasar ao final da lista.

A suspensión dos chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunique a súa dispoñibilidade alegando o fin da causa que motivou a suspensión. A tal efecto a persoa interesada deberá presentar solicitude de reposición dirixida á Alcaldía.

11.3. Exclusión.

Serán causas de exclusión dun integrante da lista:

- Renuncia expresa a formar parte da lista.
- Non presentación dentro do prazo fixado a aceptación do posto de traballo sen causa xustificada.
- Non comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado dando lugar a súa ilocalización.
- Renuncia a continuidade no desempeño dun posto de traballo unha vez que foi contratado.
- Separación do servizo por sanción disciplinaria e/ou despido declarado procedente.
- O rexeitamento sen causa xustificada dun posto de traballo en tres ocasións.

Ramirás, 8 de febreiro de 2019

O Alcalde

Asdo.: Juan Carlos Rodríguez Matías

